



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DUN/HAA EDUCADOR/A SOCIAL:

1ª.- OBJETO.- O obxecto da convocatoria é a cobertura dun posto de traballo de Educador/a social, do departamento de Servizos Sociais do Concello de Fornelos de Montes, mediante un contrato laboral temporal, por obra ou servizo determinado, a media xornada, (vinte horas semanais) dende o 01/05/2018 ata o dia 31/12/2018.

O tempo diario de traballo será de catro horas, de luns a venres, distribuídas a criterio da Alcaldía en función das necesidades das persoas que debe atender, e a retribución por ditos servizos será a parte proporcional da establecida no Convenio Colectivo de Oficinas e Despachos, para dito período.

O obxecto da contratación é levar a cabo as funcións propias dun/dunha educador/a familiar do departamento de servizos sociais, tais como:

- Promover a adquisición, por parte das familias destinatarias, de competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas.
- Poñer a disposición das familias alternativas, información , recursos e itinerarios socioeducativos en relación coas posibilidades do contorno.
- Favorecer a integración, promoción e participación social das familias ou unidades de convivencia.
- Previr e atender as situacions que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou grupos de convivencia alternativa.
- Realización, planificación e avaliación de programas e proxectos destinados a menores, familias, e poboación en xeral.

2ª.- CONDICIONES DOS ASPIRANTES.-

Os aspirantes, deberán reunir, na data do remate do prazo para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro.
2. Ter cumplidos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación.
3. Estar en posesión do título de Diplomatura ou Grao en Educación Social ou outros homologados polo Colexio de Educadores Sociais de Galicia que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido por organismo competente.
4. Estar en posesión do permiso de conducir da clase "B" e dispoñer de vehículo para as necesidades do servizo.
5. Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto e non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico algún que impida o normal desenvolvemento das funcións propias da praza, nin ter sido condenado/a por delitos de natureza sexual.
6. Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentencia



C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

firme para o exercicio das funcións públicas, Non estar incuso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

7. Ter ingresado na conta de Abanca núm. ES59 2080 5033 1330 4000 2008 a cantidade de 25,00 €, en concepto de dereitos de exame.

3ª.- INSTANCIAS.-

A partir da convocatoria no taboleiro de anuncios do concello e en periódico de ámbito provincial darase de prazo ata o día 13 de abril de 2018 ás 14:00 horas para a presentación das instancias, dirixidas ao sr. alcalde presidente do Concello de Fornelos de Montes, solicitando tomar parte no proceso selectivo, no Rexistro Xeral do Concello de Fornelos de Montes mediante impreso normalizado de solicitude que se adxunta no Anexo I, ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de non presentar a documentación no rexistro do Concello deberá remitirse o xustificante da presentación da solicitude no Rexistro correspondente ao fax número (986)76 84 11.

A remisión do devandito xustificante deberá constituírse dentro do prazo de presentación de instancias.

No caso de non cumplir cos devanditos requisitos o aspirante poderá quedar excluído da participación no proceso selectivo.

As persoas aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base 2ª, e achegarán inescusablemente os seguintes documentos:

1 Fotocopia do DNI ou documento identificativo.

2 Copia cotexada do título/habilitación esixido nas presentes bases.

3 Declaración xurada de:

- Non estar separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas,

- Non estar incursa/o en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

- Dispoñer de vehículo para as necesidades derivadas do o servizo.

- Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto e non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico algún que impida o normal desenvolvemento das funcións propias da praza,

- Non ter sido condenado/a por delitos de natureza sexual.

4 Copia cotexada do permiso de conducir da clase "B".

5 Para a exención da proba de galego, acreditación de estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

A presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo supón a aceptación e acatamento de todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Unicamente quen resulte finalmente seleccionado deberá presentar, antes do día



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

27 de abril de 2018, “Certificado Médico” e “Certificado por Delitos de Natureza Sexual” expedido polo Ministerio de Xustiza.

4º.-TRIBUNAL.- O Tribunal de selección estará integrado polos membros seguintes:

Titulares:

Presidente: José María Santaló Rodríguez (Secretario do concello)

Secretario: María del Rosario González Sánchez (Traballadora social do concello)

Vocal: Eva M^a Moldes Casal (Educadora Social do Concello Ponte Caldelas)

Alcaldía, mediante decreto, designara os suplentes que no seu caso se precisen.

5º.- PROCEDIMENTO DE SELECCION.

O sistema de selección será o de oposición libre que consistirá na realización dunha proba escrita, e unha proba oral, relacionadas co temario especificado no ANEXO II , así como unha proba do nivel de coñecemento da lingua galega para aquelas persoas que non achegaran o título acreditativo de estar en posesión do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou equivalente, todas elas propostas polo tribunal cualificador.

PROBA ESCRITA

Terá lugar o día 24 de abril de 2018, ás 9:00 horas, no Multiusos do concello, sito en Rúa das Escolas nº 4.

Consistirá na realización dun exercicio escrito con 10 preguntas tipo test e un ou varios supostos prácticos propostos polo tribunal, relacionados co temario contido no anexo I das presentes bases. Para a realización deste exercicio os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de 90 minutos. Puntuarse de 0 a 10 puntos. Cada resposta correcta nas preguntas tipo test terá un valor de 0,2 puntos e cada resposta incorrecta restará 0,1 puntos. Os casos prácticos valoraranse ata 6 puntos. Puntuación máxima: 8 puntos. (Puntuación mínima para poder realizar a proba oral 4 puntos)

O resultado da proba escrita exporase no taboleiro de anuncios do Concello de Fornelos de Montes, antes do comezo da proba oral.

PROBA ORAL

Terá lugar o día 24 de abril de 2018, a partir das 13:00 horas, no Multiusos do concello, sito en Rúa das Escolas nº 4.

Consistirá nunha entrevista oral, relacionada coa proba escrita realizada dirixida a apreciar a adecuación dos/as aspirantes ao perfil do posto de traballo a ocupar, a comprensión de coñecementos e a claridade de ideas.

Puntuarse de 0 a 2 puntos.

A puntuación total acadada neste procedemento de selección virá determinada pola suma das puntuacións acadadas nas dúas probas anteriores. A puntuación máxima a obter son 10 puntos. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resloverase tendo en conta a maior puntuación obtida na proba escrita. De persistir o empate este ressolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos/as interesados/as.

Rematadas as probas, o tribunal formulará proposta de contratación ó Sr. Alcalde,



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

conforme co art. 61-12-c) do R.D. 2568/86, de 28 de novembro.

O resultado das probas exporase no taboleiro de anuncios do Concello de Fornelos de Montes, e será notificado ao seleccionado para que presente a documentación complementaria (Certificación de delitos sexuais e certificado médico) antes da sinatura do contrato.

PROBA DE GALEGO

Terá lugar o día 24 de abril de 2018, ás 14:30 horas, no Multiusos do concello, sito en Rúa das Escolas nº 4, e realizarase unicamente ós tres candidatos que obteñan a maior puntuación total, se non están exentos de realizar a proba.

O aspirante seleccionado que non aprobase esta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

En caso de que o seleccionado non presente a documentación no prazo establecido, sen causa xustificada, perderá o seu dereito e notificarase a selección ao seguinte clasificado, sen prexuízo de que a duración do contrato rematará en todo caso o 31 de decembro de 2018, áinda que a data de inicio tivera que retrasarse.



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O
DE
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

ANEXO I

D.^a.
domiciliada en
Teléfono:

con D.N.I

EXPÓN

Que no taboleiro de anuncios do Concello de Fornelos de Montes se publican as Bases para optar á contratación laboral temporal dun/ha traballador/a social, a tempo parcial (20 horas semanais) do 1 de maio de 2018 ata o 31 de decembro de 2018, coa retribución correspondente á parte proporcional da establecida no Convenio Colectivo de Oficinas e Despachos, para dito período.

Que reúne todos os requisitos sinalados na Base 2^a.

Declara baixo a súa responsabilidade:

Non estar separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas,

Non estar incursa/o en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

Dispoñer de vehículo para as necesidades derivadas do o servizo.

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas asignadas ao posto e non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico algún que impida o normal desenvolvemento das funcións propias da praza,

Non ter sido condenado/a por delitos de natureza sexual.

Achega os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI ou documento identificativo.
- Copia cotexada do título/habilitación esixido nas presentes bases.
- Fotocopia do permiso de conducir da clase B.
- Xustificante documental de ter aboado os dereitos de exame.
- Para a exención da proba de galego, acreditación de estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente. ACHEGA / NON ACHEGA

Por todo iso, **SOLICITA**, que sexa admitida a trámite esta solicitude para optar ao citado posto de traballo.

En _____ a _____ de 2018.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES



Tel. 986 76 84 09
Fax 986 76 84 11

C O N C E L L O

D E

FORNELOS DE MONTES

(PONTEVEDRA)

ANEXO II - Temario

1. Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia
2. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios.
3. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia
4. Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
5. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
6. Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar: definición, finalidade e desenvolvemento das actuacións de mediación.
7. Estrutura do sistema de SS.SS. Catálogo de SS.SS. Equipo profesional e función.
8. “Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais” (SIUSS)
9. O Plan Concertado: finalidade e prestacións básicas.
10. IV Plan Integral de Apoio as familias, obxectivos, áreas e programas.
11. Concepto de familia. Tipos de familia. Funcións e modelos. Familias de especial consideración.
12. O servizo de educación familiar. Marco legal. Definición e obxectivos. Contidos da educación familiar.
13. Competencias e función do/a educadora familiar. O rol do/a profesional nos programas de educación familiar. A familia como axente da intervención familiar.
14. Proxectos socioculturais, técnicas e instrumentos na intervención socioeducativa con familias. Modelos de intervención, metodoloxía e avaliación.
15. Habilidades básicas na entrevista en intervención familiar. Técnicas de entrevista en intervención familiar.
16. O informe socioeducativo como instrumento de traballo en educación social.
17. Os malos tratos á infancia, definición e tipoloxías. Factores de risco, proceso de intervención ante o maltrato.
18. Acoso escolar. Concepto. Causas. Perfil do agresor e da vítima. Intervención dende o servizo de educación e apoio familiar dos servizos comunitarios básicos.
19. O absentismo escolar. Variables e perfil do alumnado absentista. Implicación e relación familia-escola.
20. A atención temperá. Obxectivos, modelos de intervención e ámbitos de intervención.
21. Intervención socioeducativa. Avaliación dun programa de actividades. Eficacia e eficiencia. Indicadores.
22. Modelos e técnicas de resolución de conflitos.
23. Planificación e avaliación da intervención socioeducativa.
24. Código deontolóxico da Educación Social

As presentes Bases foron aprobadas pola xunta de goberno local do Concello de Fornelos de Montes en sesión celebrada o dia dezaseis de marzo de douce mil dezaoito.

O ALCALDE
Emiliano Lage Rodríguez



O SECRETARIO
José María Santaló Rodríguez